

## CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA PARA IMPARTIR DOUS OBRADOIROS FORMATIVOS DE TEATRO E ORGANIZAR E DIRIXIR UN PROXECTO TEATRAL PARA A AULA DE TEATRO DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC) aproba a convocatoria para impulsar o teatro na comunidade universitaria no curso académico 2024/2025.

### 1. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar unha persoa para impartir dous obradoiros de teatro, e organizar e dirixir un proxecto teatral para a Aula de Teatro da Área de Cultura da UDC no curso 2024/2025.

### 2. Requisitos das persoas aspirantes

Poderán participar na presente convocatoria as persoas maiores de idade, que non teñan coa UDC relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable e que acrediten coñecementos, experiencia e formación docente na impartición de obradoiros de teatro.

### 3. Funcións

As funcións da persoa seleccionada serán as seguintes:

1. Impartir dous obradoiros formativos de teatro, que se levarán a cabo durante o primeiro (30 horas) e o segundo cuadrimestre (30 horas) do curso académico 2024/2025. O obradoiro do segundo cuadrimestre deberá ter un nivel máis avanzado que o do primeiro.
2. Organizar e dirixir un proxecto teatral formado por persoas da comunidade universitaria e externas, logo da correspondente audición por parte da persoa directora, e coas que se constituirá a Aula de Teatro.
3. Representar publicamente o proxecto teatral en abril de 2025, data en que se celebrará o FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña)

### 4. Condicións de execución da actividade

- A Área de Cultura da UDC ocuparase da inscrición do alumnado nos dous obradoiros e na Aula de Teatro, así como da súa xestión administrativa.
- A impartición dos obradoiros estará condicionada á existencia dun número mínimo de persoas inscritas en cada cuadrimestre, que será fixado pola VDCD. A retribución pola impartición dos obradoiros axustarase aos meses efectivamente traballados.
- Os obradoiros terán lugar no Espazo de Intervención Cultural NORMAL, do 1 de outubro ao 20 de decembro de 2024 no primeiro cuadrimestre, e do 15 de febreiro ao 15 de maio de 2025 no segundo cuadrimestre.
- En cada cuadrimestre impartiranse 30 horas do obradoiro. Os ensaios da Aula de Teatro, independentemente das horas do obradoiro, acadarán un máximo de 35 horas, que se farán nun horario acordado coa Área de Cultura.

- A asistencia do alumnado deberá rexistrarse mediante a plataforma “UDC Xest” para favorecer a acreditación desta formación.
- A Área de Cultura facilitará os medios técnicos necesarios para a impartición dos obradoiros e os ensaios da Aula de Teatro, sempre que se indicase previamente na proposta e no proxecto teatral, e estean dispoñibles na dita área.
- A UDC non cubrirá os gastos de materiais en que incorra a persoa directora, agás que previamente o solicite e se lle autorice expresamente pola Área de Cultura.
- A Área de Cultura encargárase da difusión e promoción do obradoiro e da Aula de Teatro, así como das actividades desenvolvidas durante o curso.
- As actuacións e a participación da Aula de Teatro nos festivais universitarios determinarase desde a Área de Cultura.

## 5. Retribucións

A UDC aboará á persoa seleccionada 40 €/hora (impostos incluídos) pola impartición de cada obradoiro formativo e 60 €/hora (impostos incluídos) pola dirección e ensaios da Aula de Teatro, logo de presentar un orzamento nominal.

No caso de que a persoa directora acompañe ao grupo a unha representación durante o curso académico, a UDC cubrirá os gastos de desprazamento e das axudas de custo, ata un máximo de 200 €, logo de presentar as correspondentes facturas a nome da persoa directora.

## 6. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude conforme ao ANEXO I, acompañada da seguinte documentación:

- Un *currículum vitae* que acredite os coñecementos, experiencia e formación docente na impartición de obradoiros de teatro, conforme ao modelo que figura como ANEXO II.
- Un proxecto coa proposta formativa, que deberá incluír necesariamente a descrición dos medios técnicos necesarios.
- Un proxecto da montaxe dunha obra teatral coas persoas da Aula de Teatro. Como orientación temática, este proxecto xirará ao redor da idea de “Norte”, nun sentido amplo do termo.

## 7. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida, dirixidas á Área de Cultura da UDC, poderán presentarse no [Rexistro Electrónico da UDC](#), en calquera [oficina de rexistro da Universidade](#), ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á data de publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC e rematará ás 14:00 horas do día 9 de setembro de 2024.

## 8. Avaliación e selección

Constituirase unha comisión de avaliación formada pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue; a persoa adxunta de Cultura ou persoa en quen delegue; e unha persoa técnica da Área de Cultura da UDC.

Esta comisión de avaliación, nunha única fase, valorará a documentación presentada polas persoas solicitantes, tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- a) O *currículum vitae*.
- b) O interese cultural, pedagóxico e artístico do proxecto formativo e montaxe de obra.
- c) A adecuación dos proxectos ao ámbito universitario e a singularidade da proposta.
- d) A planificación detallada do traballo que se levará a cabo.
- e) A viabilidade dos proxectos, con especial atención ás necesidades técnicas descritas pola persoa solicitante, así como a súa adecuación á idea de “Norte” proposta como concepto articulador da produción cultural de NORMAL no curso 2024/25.

## 9. Resolución da convocatoria e formalización do contrato

A resolución desta convocatoria publicarase no [Taboleiro Electrónico Oficial](#) da Sede Electrónica no prazo máximo dun mes desde o peche do prazo de admisión de solicitudes. A persoa adxudicataria recibirá unha comunicación por correo electrónico.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A persoa seleccionada deberá asinar o contrato no prazo que se indique na resolución. De non facelo, a VDCD poderá adxudicar o contrato a outra persoa solicitante ou deixalo deserto. Neste último caso, o contrato poderá adxudicarse directamente.

Unha vez resolta a convocatoria, comezará o proceso de planificación, definición das probas e a selección das persoas que compoñerán a Aula de Teatro.

## 10. Información e contacto

Para os efectos de información e consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por correo electrónico a [cultura.coruna@udc.gal](mailto:cultura.coruna@udc.gal)

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte.

**ANEXO I. SOLICITUDE**

I. DATOS DO OBXECTO DA CONVOCATORIA	
Nome da convocatoria (indíquese cal):	
Área asignada á convocatoria: ÁREA DE CULTURA-VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE	
Nome do obradoiro que desexa impartir:	
Centro de realización: NORMAL- Espazo de Intervención Cultural (A Coruña) <input type="checkbox"/> Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro (Ferrol) <input type="checkbox"/>	

II. DATOS PERSOAIS		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
Data de nacemento:	Lugar de nacemento (localidade e provincia):	DNI/NIE/pasaporte:
Enderezo:	Teléfono:	Correo electrónico:
Municipio:	Código postal:	Provincia:

III. DATOS ACADÉMICOS (FORMACIÓN, CURSOS IMPARTIDOS E RECIBIDOS)		
Título	Centro de expedición	Data de expedición

## IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia do DNI       Copia do título       Currículo e xustificantes       Proxecto coa proposta formativa
- Outros: \_\_\_\_\_

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ solicita ser admitido/a na convocatoria para a contratación de persoas que impartirán os obradoiros culturais da Área de Cultura da Universidade da Coruña, declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e no currículo académico, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_  
(sinatura)

## SRA. VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal)

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico [dgd@udc.gal](mailto:dgd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

**ANEXO II. CURRÍCULUM VÍTAE**

CURRÍCULO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A IMPARTICIÓ DE OBRADOIROS E AULA DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
I. DATOS DA CONVOCATORIA	
Nome da convocatoria:	
Obradoiro e Aula: Teatro <input type="checkbox"/> Danza <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/>	

2. DATOS PERSOAIS		
DNI/NIE/pasaporte:	Nacionalidade:	
Apelidos e nome:		
Enderezo:		
Localidade:	Provincia:	C.P.:
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste currículo e da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideren derivarse da súa inexactitude

....., ..... de ..... de .....

(sinatura)

### III. RESUMO DO CURRÍCULO

(2500 caracteres máximo, espazos incluídos)

## IV.RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN

(É imprescindible presentalos numerados e nesta mesma orde. En cada un dos méritos que se alegan no currículo deberá indicarse o n.º do documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito)

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal)

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico [rdp@udc.gal](mailto:rdp@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico [dpp@udc.gal](mailto:dpp@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).